

Marta Candeira Carballido



## Os irmáns Barcia

caucheiros e filántropos

Edita:



GRUPO *de* COMUNICACIÓN  
DE GALICIA EN EL MUNDO. S. L.

Colección:

CRÓNICAS  *de* la EMIGRACIÓN

**Edita:** Grupo de Comunicación Galicia en el Mundo, S.L.  
C/San Francisco, 57. 5º - 36202 Vigo (España)

**E-mail:** galimundo@galimundo.com

**Maquetación:** Pablo Camilo Pérez Alba

**Traducción al castellano:** Sergio Rodríguez Santiso

**Colección:** Crónicas de la Emigración

**I.S.B.N.:** 978-84-937683-7-9

**Depósito legal:** VG 663-2010

Impreso en Obradoiro Gráfico, S.L.

Polígono Industrial do Rebullón, 52D

Mos-Pontevedra

## A los hermanos Barcia

---

*“Hubo hombres en Padrones  
De gran mentalidad  
Estos, los hermanos Barcia  
Muy fuertes en su bondad.*

*En los tiempos más recientes  
Fueron a tierras lejanas  
Pero nunca se olvidaron  
De su pueblo y sus hermanas.*

*Nos dieron lo que pudieron  
Más no nos pudieron dar  
Teléfono y otras obras  
Y un gran grupo escolar.*

*Trabajaron con el caucho  
Para poderlo exportar  
De aquí salía la goma  
Que tenían que embarcar.*

*Todo esto salió bien  
Aún viviendo en la selva  
Ganaron mucho dinero  
Hasta que vino la guerra*

*Cándido Carballido Lorenzo*

O poema “*A los hermanos Barcia*” aparece nesta obra por dúas razóns. A primeira delas é de carácter sentimental, xa que se trata dun escrito do meu avó, e a segunda das razóns é que este poema facilita a aproximación do lector á mitoloxía que se xerou arredor destes tres irmáns no seu pobo natal.

Para os veciños de Padróns, unha aldea pertencente ó concello de Pontearreas (Pontevedra), estes tres homes son unha especie de heroes. As lendas acerca da súa riqueza son numerosas e están cheas de elementos míticos. Uns din que prendían os cigarrros con billetes, outros que lanzaban moedas ó aire para ver os tobillos das mulleres que se agachaban a recollelos e non son poucos os que afirman que Benito Barcia lle asegurou ao seu pai que non chegaría o día no que se acabara o ouro dos Barcia.

Ademáis dunha profunda admiración, o agradecemento dos veciños a estes tres irmáns é difícil de describir, xa que estes fixeron numerosas doazóns, de feito eu mesma recibín os tres primeiros cursos da miña educación primaria nunha escola fundada polos irmáns Barcia en Padróns.

A día de hoxe, dito recinto, “*O Coto*”, doado á parroquia por Generoso Barcia Boente mantense vivo coas actividades que a Fundación Hermanos Barcia realiza no mesmo.

Na miña opinión, isto é unha mostra da profunda impronta que a emigración deixou na memoria da sociedade, o agradecemento da xente que en certo modo se beneficiou das accións destes filántropos e que manteñen viva a día de hoxe a memoria destes homes, xa sexa cun monumento como o que fixeron os veciños de Padróns no cemiterio, contando as súas historias ou mantendo vivos os costumes que eles trouxeron.

## Índice

Limiar.....	11
Introducción .....	13
A emigración galega a América a comezos do século XIX.....	15
Os irmáns Barcia como exemplo do éxito migratorio .....	21
■ Familia	
■ Estadía en Perú	
■ Labor Filantrópico	
■ O grupo escolar	
■ Labor político	
Conclusións.....	51
Bibliografía .....	53

O traballo que aquí se presenta ao lector constitúe unha mostra da diversidade de matices e a pluralidade de perfís biográficos que caracterizou á emigración transoceánica galega no período da emigración masiva, o que comezou contra 1880 e rematou contra 1930. Se nese período varios centos de milleiros de galegos atravesaron o Océano Atlántico na procura dunha vida mellor, unha porcentaxe non desprezábel deles cruzouno de volta, nunha ou varias ocasións, e moitos deles, non menos dun trinta por cento e non máis dun sesenta, convertéronse en acaudalados indianos, en americanos inquedados, en pragmáticos retornados, en habaneros ou en brasileiros, como sería neste caso. Trouxeron canda eles nalgúns casos capitais e gañancias que investiron en diversas empresas e iniciativas, benéficas ou industriais, en Galiza, e nomeadamente nas súas freguesías e vilas de orixe. Noutros casos, só puideron fornecer o caudal das súas experiencias, que os levaron en máis dun caso a opoñérense aos poderes establecidos, e mais a imaxinaren un futuro de cambio social, progreso e instrución para Galiza, con graos de compromiso variábel que podían ir dende a promoción de formas de sindicalismo operario até o financiamento de escolas e periódicos através dos cales se estendese o que eles consideraban que era unha empresa de rexeneración social, para crear mellores cidadáns conscientes dos seus dereitos. Por suposto, houbo retornados, e moitos, que sinxelamente se adicaron a rendibilizar os seus aforros, a investir en capitais especulativos, casaron cunha muller moito máis nova cá eles e viviron o resto da súa existencia das rendas acuguladas. Tanto uns coma outros foron ollados pola sociedade galega cunha mestura de admiración e prevención, de esperanza e receo, cando non de envexa.

O caso que a xove historiadora Marta Candeira presenta nesta monografía corresponde, certamente, a un tipo híbrido entre a

primeira e a segunda categoría apuntadas. Os irmáns José, Benito e Generoso Barcia Boente fixeron certa fortuna ao longo do seu periplo migratorio, encetado en Portugal, continuado en terras amazónicas do Brasil e rematando na zona do Amazonas peruano, ascendendo dende a base a magnates do negocio do caucho. Foron parte do súpeto enriquecemento da zona, que atraiu a numerosos inmigrantes, que converteron a cidades como Iquitos ou Manaus en cidades modernas no medio da inmensa selva tropical. Marta Candeira non só reconstrúe con detalle as súas orixes sociais, o seu itinerario, as súas peripecias e mais o proceso de formación do seu capital. Tamén esculca, mediante un imaxinativo e teimudo uso das fontes locais, cál foi a axencia individual e colectiva deses "brasileiros" logo de dous deles retornaren á súa aldea natal, Padróns, e as iniciativas por eles financiadas, nomeadamente a dotación dun grupo escolar, o apoio á sociedade agraria local, integrada no activo e reivindicativo movemento antiforal moi arraizado no Baixo Miño, e unha granxa-escola. Endeitas que enmarcan aos irmáns Barcia no tipo de indiano benefactor, pero tamén de americano comprometido, que contribuíu en moitos aspectos á modernización social, política e cultural dos seus lugares de orixe.

A historia transnacional que vencella Padróns con Iquitos e Manaus, pois, é unha boa mostra de que Galiza, Europa e o mundo eran globais denantes da globalización. E do multifacético carácter da emigración. Esta minuciosa pescuda, realizada coas doses precisas de paixón e razón por parte dunha prometedora investigadora baixomiñota recién licenciada, constitúe un bo exemplo diso. Marta Candeira aplica sabiamente a máxima de que, para coñecer o mundo, primeiro cómpre coñecer acaidamente a propia aldea. E abofé conségueo.

*Santiago de Compostela, abril de 2010*

*Xosé M. Núñez Seixas*

Catedrático de Historia Contemporánea,  
Universidade de Santiago de Compostela.

A emigración galega a América é un dos temas máis e mellor estudados da Historia Contemporánea de Galicia e, a pesar disto, segue sendo un dos temas que máis interese esperata no colectivo investigador.

Xosé Manoel Núñez Seixas<sup>1</sup> sinala que no ámbito académico seguense as pautas temáticas que teñen imperado no estudio dos movementos migratorios doutros países europeos. Segundo indica, tendeuse a outorgar preeminencia á valoración dos efectos económicos do fenómeno emigratorio, as causas de saída, os factores de atracción e o artellamento das comunidades de inmigrantes nos países receptores.

Para este autor, en Galicia a emigración soe ser presentada como un fenómeno prexudicial para os países emisores, que son privados de amplos sectores da súa poboación en idade laboral, o que implica a perda dos recursos investidos na súa formación por parte do Estado e a capacidade de converterse en dinamizadores da evolución socio-política. Este traballo pretende ofrecer unha visión diferente. Con el preséntase unha visión positiva dos efectos das migracións, tanto para os países emisores como para os países receptores.

Aquí presentase a análise da experiencia migratoria de tres irmáns, José, Benito e Generoso Barcia Boente, orixinarios da parroquia de Padróns (Pontearreas) que emigran a Perú a comezos do século XIX e que exercen un gran labor filantrópico no

---

<sup>1</sup> NUÑEZ SEIXAS, X. M. Emigrantes, caciques e indianos, Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1998, páx. 10



seu pobo natal. En función disto, a obra divídese en dous bloques temáticos. O primeiro dos bloques fai referencia ao contexto xeral do período no que emigran estes irmáns, plasmándose nel a súa experiencia persoal. O segundo bloque céntrase no labor filantrópico que levaron a cabo no seu pobo natal, e ten á súa vez dous apartados principais. Por un lado está a súa actividade no campo político e por outro a súa actividade no ámbito educativo.

Para a realización do traballo contei con fontes directas, algo que teño que agradecer a Nuria Gándara Carrera, unha descendente dos tres irmáns Barcia da cuarta xeración, á Fundación Hermanos Barcia de Padróns, e tamén ó Arquivo Municipal de Pontearreas, onde contei coa colaboración do arquivero, que axilizou en gran medida o acceso á información.

Para o estudo de caso tamén se empregaron varios exemplares do semanal *El Tea*, un periódico anticaciquil ligado ás sociedades agrarias da zona, que foi dirixido polo avogado republicano J. Amado Garra.<sup>2</sup>

Tamén se empregaron fontes orais, sendo de gran utilidade neste campo a colaboración dos veciños, en concreto a de Perfecto Alfaya Alvariño e máis a de Gonzalo Manuel González Carballido, que cos seus testemuños proporcionaronme unha valiosa información acerca da actividade destes irmáns. Tamén colaboraron outros descendentes da zona de Padróns e algúns dos residentes en América Latina.

O resultado é un texto que comeza coa análise das pautas migratorias típicas de comezos do século XIX e que vai evoluíndo ata centrarse na experiencia migratoria destes tres irmáns. Nárrese a historia destes homes e as súas actividades, enmarcando as mesmas nunha corrente xeral. Sendo clausurado o texto polas conclusións que obtiven unha vez rematada a investigación.

---

<sup>2</sup> NUÑEZ SEIXAS, X. M. Emigrantes...Opus cit. páx. 203.

## A emigración na Galicia

### De comezos do século XIX

A emigración galega a América é un feito que se produce maioritariamente na época contemporánea, e que comeza a manifestarse con forza a partir da crise do Antigo Réxime e da implantación da sociedade liberal en España (1836-1853). Pero non será ata as décadas finais do século cando a emigración galega se convirta nun fenómeno masivo.<sup>3</sup>

Para A. Eiras Roel, as migracións tradicionais dos galegos son consecuencia do seu réxime demográfico tradicional, que se distingue pola súa alta lonxevidade e a esperanza de vida, xeradoras a longo prazo dun réxime de alta presión demográfica, e que non tende a evacuar os seus excedentes a través da válvula migratoria.<sup>4</sup>

Os anos comprendidos entre 1880 e 1930 representan o ciclo central da emigración galega a América. Isto é debido tanto aos factores de atracción dos países latinoamericanos como dos de expulsión de Galicia, unha maior liberalización da política española con respecto á saída de emigrantes e aos

---

<sup>3</sup> VILLARES PAZ, R. Historia da emigración galega a América, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 1996, pax. 35.

<sup>4</sup> EIRAS ROEL, A. “*La emigración Gallega a las Américas en los siglos XIX y XX. Nueva panorámica revisada*” en EIRAS ROEL, A. (Editor), Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal, Xunta de Galicia, 1992, páx. 204.

avances do transporte que permite un importante abaratamento dos seus custos e da duración da viaxe. Tamén hai cambios na lexislación emigratoria española, liberalizándose enormemente as posibilidades migratorias dos españois.<sup>5</sup>

Na súa obra “*Emigrantes, caciques e indianos*”, Xosé Manoel Núñez Seixas sinala algúns trazos xerais da emigración galega a América no período de 1880 a 1930.<sup>6</sup> Segundo indica, os galegos forneceron o maior continxente dentro dos emigrados españois, aínda que o seu número concreto sexa case imposible de calcular polas deficiencias das estatísticas, que só en períodos concretos recollen a procedencia provincial dos que emigraban, e polo feito de que estas non reflicten a importante emigración clandestina a través doutros portos, sobre todo dende Portugal.

Isto podería aplicarse ó caso de Pontearreas, xa que conta cunha fonte de grande interese, o censo de 1910, pero nel márcanse moitos ausentes en Portugal e moi poucos en América. Isto parece indicar que Portugal era a vía de saída dos emigrantes da zona, unha primeira parada, pero ofrece pouca información sobre os destinos posteriores.

O patrón de comportamento da emigración galega a América non difire moito do que presentan os países mediterráneos. Trátase dunha emigración serodia, propiamente do século XX na súa manifestación de feito masivo; trátase dunha emigración moi concentrada nos seus lugares de destino, nun degrau superior ó español xeral e, sobre todo, ao italiano, achegándose pola contra moito máis ao tipo de emigración portuguesa; e trátase en suma, dunha emigración que presenta unha relación moi intensa coas súas raíces, por ser este un país de pequena propiedade, pero tamén polas propias modalidades que presenta a poboación emigrante.<sup>7</sup>

Para X. M. Núñez Seixas, o tipo de emigrante máis común era un varón de orixe labrega, cunha pasaxe autofinanciada e o propósito de volver á súa casa con aforros, mentres súa muller e máis o resto da familia ficaban en Galicia. A súa estadía en

---

<sup>5</sup> VILLARES PAZ, R. opus cit. páx 98.

<sup>6</sup> NUÑEZ SEIXAS, X. M. *Emigrantes...* Opus cit. pp. 40-45.

<sup>7</sup> VILLARES PAZ, R. Opus cit. pp. 33-34.

América oscilaba entre varios meses e varios anos. Sinala que os emigrantes galegos tiñan unha tipoloxía característica semellante ao caso portugués.<sup>8</sup> No libro *As cartas do destino* tamén aborda esta temática, e sinala que os que emigraban non eran os mais pobres da freguesía, e ademáis eran os que tiñan unha maior formación en termos relativos e pertencían os sectores menos desfavorecidos do campesiñado.<sup>9</sup> R. Villares Paz engade a estas características a intensa devolución cara á metrópole de recursos, sexa en forma de remesas monetarias, sexa en forma de accións culturais e políticas.<sup>10</sup>

Unha vez en América, a inserción social dos emigrantes galegos vaise concentrar de xeito preferente, aínda que non exclusivamente, no sector dos servizos urbanos, en postos de baixa e media cualificación.<sup>11</sup> Soían ocuparse en traballos que implicaban esforzo físico e que en xeral non querían ser ocupados pola poboación do lugar.

A porcentaxe de retornados no caso galego é discutíbel, xa que as estatísticas de tráfico de pasaxeiros contabilizaban saídas e regresos sen ter en conta se a mesma persoa facía o traxecto varias veces.<sup>12</sup> Para A. Eiras Roel, a ocultación que se percibe nas estatísticas oficiais de retorno non é menor que nas de saída. En determinadas décadas, as porcentaxes oficiais de retornos infravaloran ao fenómeno. A emigración transoceánica deste período comporta unha elevada taxa de retornos e estadias de ciclo curto. De feito, o movemento de 1910 é o máis elevado no que ó número de saídas se refire, máis non se comprende sen un alto ritmo de retornos.<sup>13</sup>

Á hora de elixir destinos, a diferenza doutros colectivos, o destino case exclusivo da emigración galega foi América e,

---

<sup>8</sup> NUÑEZ SEIXAS, X. M. *Opus cit.* pp. 40-45.

<sup>9</sup> NUÑEZ SEIXAS, X. M. e SOUTELO, R. *As cartas do destino*, Vigo, Editorial Galaxia, 2005, páx. 14.

<sup>10</sup> VILLARES PAZ, R. *Opus cit.* páx 34.

<sup>11</sup> NUÑEZ SEIXAS, X. M. e SOUTELO, R. *As cartas ... opus cit.*, páx. 21.

<sup>12</sup> NUÑEZ SEIXAS, X. M. *Opus cit.* páx.43.

<sup>13</sup> EIRAS ROEL, A. “*La emigración Gallega a las Américas en los siglos XIX y XX. Nueva panorámica revisada*” en EIRAS ROEL, A. (Editor), *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*, Xunta de Galicia, 1992, pp. 209-211.

dentro dese continente, concentrouse, polo menos ata 1950, en tres países: Arxentina, Cuba e Brasil.<sup>14</sup>

No século XX, unha das correntes máis fortes da emigración orientárase de modo maioritario cara a Brasil, destacando as áreas do caucho, Pará e Manaus, o centro comercial de Bahía e o sur cafetaleiro, sendo a América española un destino secundario. Sen embargo, hai que sinalar que a Amazonia brasileira debeu experimentar un forte retroceso como foco de atracción a partir dos anos dez, coa quebra da produción do caucho.

Na zona baixomiñota, a escolla de Brasil está asociada coa influencia dos portugueses, a través da emigración intrapeninsular, principalmente dos concellos pontevedreses, ás cidades do norte de Portugal, como Porto, e á súa capital Lisboa. Nestes casos, o máis normal é que o Brasil pasase a facer parte das posibles rutas dos galegos rumbo a América, e que as historias dos brasileiros que retornaban a Portugal os influísen á hora de escoller destino.<sup>15</sup> Nesta liña, Henrique Fernandes Rodrigues sinala que a emigración galega cara a Brasil parece evidenciar a reformulación dun proxecto ao que Portugal non respondeu completamente motivado polas conxunturas económicas, por iso, obriugou á procura de novas fontes de riqueza.<sup>16</sup>

Durante os anos do auxe económico pola explotación do caucho, os galegos tamén emigraron á zona amazónica de Manaus ou Pará. O estado de Pará, ao norte de Brasil, experimenta un forte auxe económico tralo descubrimento do proceso de vulcanización do caucho e a xeneralización da utilización desa sustancia para usos industriais, sobre todo despois da invención do pneumático.<sup>17</sup> O goberno provincial intentou, dende a segunda metade do século XIX, atraer colonos ás zonas agrícolas, co obxectivo de dinamizar a economía e poblar o territorio. O

---

<sup>14</sup> VILLARES PAZ, R. Opus cit., páx 37

<sup>15</sup> SARMIENTO DA SILVA, E. Galegos no Río de Janeiro (1850-1970), Tese doctoral da licenciada Érica Sarmiento da Silva, Santiago de Compostela 2006, pp 33-36.

<sup>16</sup> FERNANDES RODRIGUES, H. “*Emigração galega para o Brasil através de Viana do Castelo (1838-60); análise a alfabetização e ao perfil socio-profissional*” en EIRAS ROEL, A. (Editor), Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal, Xunta de Galicia, 1992, páx. 182.

<sup>17</sup> VILLARES PAZ, R. Opus cit.

modelo migratorio de Pará careceu de organización sistemática e continua, e os colonos permaneceron en terras distantes e sen os medios necesarios para levar a cabo unha colonización.<sup>18</sup>

D. L. González Lopo sinala que a emigración do sur pontevedrés á zona nordeste de Brasil tamén se debeu á aparición de varios negocios controlados por naturais desta área, que actuaron como captadores do éxodo dos seus veciños. Engade ademais, que o despertar da economía do caucho no norte do país actuou tamén como polo de atracción pero, salvo en lugares concretos, tivo unha importancia secundaria.<sup>19</sup>

A orientación cara a Brasil na área baixomiñota haina que entender dende a óptica da influencia portuguesa, xa que era probablemente o exemplo do que se estaba a vivir en Portugal o que estimula a marcha cara ao outro lado do Atlántico. Sen dúbida, a crise finisecular do país veciño, que cadrou cunha crise en Galicia, é a que vai empurrar ós nosos veciños a percorrer o mesmo camiño que estaban seguindo os seus veciños de Portugal.

Como se sinalou anteriormente, para o estudo das migracións da zona de Pontearreas, contamos co padrón de 1910, que marca as ausencias.<sup>20</sup> Grazas a isto, podemos apreciar cómo as persoas desta zona se dirixían maioritariamente a zonas de dentro de Galicia, sobre todo cara á provincia de Ourense e que, dentro de España, o destino máis común foi Andalucía. Aqueles que se decidían a saír de España tiñan como destino maioritario a zona de Portugal, concretamente, o norte e a capital. O número de persoas que aparecen establecidas en América era moi reducido e estaban maioritariamente no Cono Sur; Bos Aires e Montevideo, aínda que tamén sinala o establecemento de algún ausente en Brasil.

N. Taboada Leal, na súa Descrición topográfico-histórica de la ciudad de Vigo, su ría y sus alrededores, publicada en decembro

---

<sup>18</sup> SARMIENTO DA SILVA, E. Opus cit, páx 245.

<sup>19</sup> GONZÁLEZ LOPO, D. L. “*La emigración gallega a América durante los siglos XVII-XX*”, en SUAREZ ALBÁN, M. R. (organizadora), *Língua e imigração galegas na América Latina*, Centro de Estudos da língua e cultura galegas, Actas do simpósio de língua e imigração galegas na América Latina, UFBA, Salvador, 1996, PP. 191-192.

<sup>20</sup> Nun primeiro momento non o fai, pero hai un cambio de escribano no padrón e este comeza a marcar as ausencias dende 1917.

de 1840, tamén aporta datos sobre as migracións desta zona. Nun primeiro periodo o autor resalta a importancia da emigración intrapeninsular dende o sur de Pontevedra. Este autor sinala que a partir de 1850 apréciase por primeira vez un aumento significativo das saídas con destino a América, circunstancia que se viu favorecida pola combinación de medidas legislativas que permiten a saída do país e a crise que sacude Galicia.<sup>21</sup>

---

<sup>21</sup> Citado por GONZALEZ LOPO, D. L. “*Los movimientos interiores en tierras del interior de la provincia de Pontevedra entre 1801-1950: características y puntos de destino*” en CAGIAO VILA, P. (Editora), *Semanata, ciencias sociales y humanidades*, Nº11, Universidade de Santiago de Compostela, 2000, pax, 277 e ss.

## Os irmáns Barcia como exemplo do éxito migratorio

Non existen demasiados datos sobre os primeiros anos de vida destes tres homes. Segundo indica Francisco Piñeiro Groba nas súas notas bibliográficas,<sup>22</sup> D. Manuel Barcia e D. Dolores Boente eran un matrimonio de labregos da parroquia de Padróns, Pontearreas, un concello situado na zona do Baixo Miño. Tiveron oito fillos: Angustia, Rosa, María, Josefa, José, Benito, Generoso e Francisco. Estes datos coinciden cos aportados polos seus descendentes, tanto os residentes en América Latina como os residentes en Galicia.

Ao igual que a maior parte da poboación rural dese período, non tiñan unha gran formación cultural, pero si estaban escolarizados e alfabetizados. Ao parecer, recibiron as súas primeiras letras na escola “*O Circo*” de Pazos de Borbén e máis tarde asistiron á escola nocturna en Cortellas, un dos barrios da súa parroquia natal, co maestro Ventura Rial,<sup>23</sup> de modo que adquiriron uns coñecementos mínimos en ciencias e en letras. Os tres irmáns sabían asinar, xa que así o rexistran os documentos notariais.

Unha vez foron adolescentes, ó igual que moitos outros galegos, descubrirían que as expectativas de crecemento que lles ofrecía seu pobo natal non eran demasiado esperanzadoras, de xeito que seguiron a estela de moitos dos seus veciños e decidiron emigrar. Puxeron os seus ollos en Portugal. Como se dixo antes, este era un destino común para a poboación desta zona xa que estaba próximo e ofrecía bastantes posibilidades de crecemento económico. Portugal fora

---

<sup>22</sup> Francisco Piñeiro Groba cursou a cursou a carreira de maxisterio e exerceu como mestre en varias localidades da provincia de Pontevedra. Durante un tempo foi alcalde de Salvaterra de Miño. Faleceu en Tui o 28 de setembro de 1947.

<sup>23</sup> Testemuño de Gonzalo Manuel González Carballido, fillo do encargado do economato da finca Galicia, gravado o 17-5-2008 en Padróns, Pontearreas, Arquivo privado de Marta Candeira Carballido



un foco de recepción de emigrantes galegos dende a Idade Moderna. Moitos dos veciños da zona xa tiñan emigrado a esta zona, polo que neste período mantense unha importante colonia de emigrantes galegos na capital lusa, que como veremos máis tarde colaborará coas actividades destes tres irmáns no seu pobo natal.

Cruzaron o país veciño a través da fronteira de Salvaterra do Miño con Monçao, que era a zona máis próxima aos seus fogares, e estiveron un tempo traballando en Lisboa. Nembargantes, neste período as saídas que ofrecía Portugal non eran do todo boas, xa que o país non se topaba no seu mellor momento económico. Moitos portugueses estaban emigrando a América, en donde as expectativas económicas eran moito mellores e con eles tamén o facían moitos galegos que se estableceran alí. Deste xeito, ao igual que moitos outros, estes tres irmáns deron o salto e emigraron a Brasil.

Unha vez en Brasil, establecéronse en Manaos, que se situaba cerca da fronteira con Venezuela, e que era unha zona na que se traballaba o caucho. Comezaron traballando como estibadores no porto e, segundo indica Gonzalo Rummrigill, nesta zona foi onde José, o irmán maior, tivo os seus inicios na industria do caucho. Parece que este primer acercamento permitiu que os irmáns coñecesen os beneficios deste negocio, e logo puxeron as súas expectativas en Perú, atraídos polos rumores que falaban de grandes gomas sen explotar.

Unha vez alí, establecéronse como caucheiros no departamento de Loreto, o departamento máis grande de Perú. Concretamente, establecéronse en Iquitos, a súa capital, que se sitúa na provincia de Maynas. Hai que sinalar que non foron os únicos, xa que entre 1885 e 1907 desatouse a febre do caucho neste territorio. Neste período os caucheiros viviron unha gran bonanza económica, e Iquitos estableceuse como o porto fluvial máis importante para o embarque de materias primas.

A evolución do fenómeno do caucho nesta zona encontrámona relatada na obra *Pioneros de Loreto*.<sup>24</sup> Segundo se indica neste

---

<sup>24</sup> BARCIA, F. e RUMRRILL, R. *Pioneros de Loreto*, Gobierno Regional de Loreto, Iquitos, 1995, páx. 45 e ss.

libro, a produción de caucho nesta zona iniciouse a mediados de século XIX, pero non foi moi significativa ata 1870. Os países industrializados precisaban caucho para as limiás dos seus automóbiles, e nesta zona do Amazonas era abundante.

O proceso de obtención era sinxelo e os prezos eran magníficos; un quilogramo de goma custaba unha libra esterlina de ouro, de xeito que se converteu nun soño dourado para os aventureiros da vella Europa. Guiados por indíxenas aos que seducían con pequenos agasallos como alcohol, armas de fogo ou outros presentes de pouco valor, os caucheiros adentraronse cada vez máis na selva. Moitos non voltaron, pero os que vencían a súa dureza volvían enormemente ricos.<sup>25</sup>

Será precisamente nesta especie de “*febre do ouro*” na que se enmarcan os protagonistas deste estudio. Tres irmáns de clase media-baixa que parten dun pobo de menos de seiscentos habitantes situado na zona sur de Pontevedra e terminan por converterse nos propietarios dunha das facendas de explotación de caucho máis grandes da Amazonia peruana.

A finca que estableceron os Barcia na Amazonia chamábase “*Galicia*” e, segundo indica F. Piñeiro Groba, tiñan traballando para eles a unhas dúas mil persoas, algúns deles veciños da súa parroquia natal ou de zonas próximas, como Fozara, a Lama ou Avión que emigraran a esa zona seguindo a estela dos Barcia. O caso máis chamativo é o de Wenceslao Barreiro que, segundo sinala Gonzalo Allegue, seguiu aos Barcia en 1895 dende Brasil e traballou para eles como apoderado. O resto de traballadores eran maioritariamente orixinarios da zona.

A explotación estaba situada nas dúas orillas do río Tapiche. Este río é un dos maiores afluentes da marxe dereita de Ucayali e ten a súa desembocadura en Requena. Segundo se indica na obra Pioneros de Loreto,<sup>26</sup> esta zona permaneceu case impenetrable ata que na década dos 70 do século XIX comezaron a introducirse nela os caucheiros. As oficinas centrais da firma “*Barcia Hermanos*” estaban situadas en Iquitos, na calle Napo.

---

<sup>25</sup> ALLEGUE, G. Galegos as mans de América, Vol. II, pax. 94 e ss.

<sup>26</sup> BARCIA F. e RUMRRILL R. Opus cit. Páx.61 e ss.

As testemuñas orais afirman que Benito Barcia enviou unha equipa de topógrafos limeños para delimitar os seus gomais co obxectivo de que as súas terras medisen exactamente o que media Galicia e dividiu a terra en catro provincias. Este dato é un elemento anecdótico, pero permite que nos fagamos unha idea da extensión que tiña a súa explotación.

A explotación de caucho dos Barcia, estaba situada en plena selva Amazónica. As únicas construcións das que dispoñían eran pequenas chozas de madeira con tellados de palla onde os traballadores durmían sobre hamacas. Constantemente estaban sometidos aos perigos das enfermidades e das bestas da zona. A vida alí era moi perigosa, eran zonas de selva moi espesa nas que non entraba a luz do sol e con frecuencia eran atacados por animais e polos xíbaros, unha tribo indíxena que os atacaba con frechas. Por estas razóns víanse obrigados a avanzar en parella e armados con rifles e machetes.

Wenceslao Barreiro era un dos traballadores de confianza dos irmáns Barcia. Entre as súas obrigacións estaban a merca de goma, a negociación das mercadorías e o abastecemento de traballadores. Tamén abastecía aos campamentos, viaxaba na lancha Galicia e levaba tabaco, café, augardente, munición, machetes, fulminantes de auga, manteiga, azucre, etc. Tamén transportaba menciñas para a selva; láudano, pilulas de quina, po de ferro, emulsión Scott, tintura de iodo, entiprina, untura de curanina... a chegada da lancha remataba con meses e meses de illamento.<sup>27</sup> Este traballador tamén foi un filántropo e cando retornou ao seu pobo natal, La Lama, donou un colexio aos seus veciños.

O sistema de recolección do caucho era sinxelo. Os traballadores avanzaban pola plantación dando cortes no “*jebe*” e colocaban recipientes no fondo do corte para recoller o líquido. O corte realizado debía ser diagonal e ter unha extensión dun tercio ou da metade da circunferencia do tronco.

Uns días despois outro grupo pasaba a recoller os recipientes. O látex brotaba a través do corte e caía no recipiente. A cantidade

---

<sup>27</sup> ALLEGUE, G., Opus cit., pax. 94 e ss.

de látex que se extraía de cada corte soía ser duns 30 ml. Despois arrancábase un trozo de corteza da base do tronco para volver a tapar o corte, normalmente, ao día seguinte.

Despois elaborábanse unhas pelotas coa goma, que eran colocadas en envases de madeira duns trinta quilos, e eran transportados ó porto de Iquitos. Alí, segundo indica G. Allones, Wenceslao Barreiro inspeccionaba a mercadería das lanchas “Galicia” e “La gallega”.<sup>28</sup>

A súa produción de caucho exportábase a varios países de Europa e a Estados Unidos, de xeito que, nun período de tempo moi curto, conseguiron amasar unha gran fortuna.

As propiedades dos irmáns Barcia na zona eran moi extensas e a explotación das mesmas non sempre estaba baixo a súa supervisión. En ocasións cedían unha parte das parcelas baixo unha figura similar ao arrendamento. Un destes arrendados foi Magín Boría, un catalán que emigrou a Iquitos e explotou durante un tempo unha zona do cauchal dos Barcia. Segundo indica Róger Rumrill,<sup>29</sup> este home solicitou á firma Barcia Hermanos un siringal chamado “*Santa Emilia*” que fora transferido a esta firma polo anterior propietario e que neses momentos atopabase sen explotar. A firma concedeu o siringal, o material necesario e incluso lle enviou unha persoa de confianza. No período de crise este home devolveu o siringal á firma caucheira.

No baixo Nahuapa tamén existía un siringal que estaba xestionado do mesmo xeito, estaba a cargo dun persoeiro ao que Róger Rumrill denomina “*Rocha*”. Tamén estivo baixo a protección dos Barcia José Nogueira, un brasileiro que tamén emigrou á zona do río Tapiche ao que José Barcia lle concedeu varias entradas de siringa para a súa explotación.

Con motivo da Primeira Guerra Mundial e da invención do caucho sintético, tódolos negocios dos irmáns Barcia sufriron unha caída brutal. A crise caucheira agudizouse e a labor nos siringales fíxose máis complicada, xa que os prezos que se pagaban pola goma xa non compensaban os esforzos.

---

<sup>28</sup> Ídem.

<sup>29</sup> BARCIA F. e RUMRILL R. Opus cit. Páx.73 e ss

Os irmáns Barcia tentaron repoñerse desta crise, pero non lles foi posible porque a xente dos gomais decidiu abandonar, xa que o caucho non reportaba tantos beneficios. Nunha carta datada en 1911 Wenceslao Barreiro comunicalle a Benito que a venda de caucho baixara moito e que outros siringueiros como “*Monteiro*” ou “*Pereira*” estábanse arruinando e tiñan problemas coas leis do estado.

Róger Rumrill fala desta situación na súa obra *Pioneros de Loreto*. Sinala que nestes anos de crise moitos caucheiros puxeron os seus ollos nos balatales do Alto Maraño, especialmente nos de Morona, e Benito Barcia foi un deles.

Organizou unha exploración destes siringales. Unha lancha a vapor levaba persoal e víveres dende Iquitos ata Morona. Esta expedición tivo moitas baixas a causa das febres e enfermidades da zona, polo que Benito Barcia decidiu cesar no seu empeño. Despois disto trasladouse a San Martín e instalouse en Tarapodo de maneira provisional, onde faleceu dun modo repentino o 29 de outubro de 1924. A morte foi notificada aos seus irmáns por medio dun amigo seu chamado Sandoval. Os seus veciños da parroquia de Padróns levantaron un monumento na súa honra.

Segundo recolle Piñeiro Groba, o seu descalabro económico tamén contribuíu á confianza que estes depositaran no persoal alemán contratado, xa que tódolos postos directivos e de responsabilidade da empresa estaban en mans dos alemáns. Estes aconsellaron levar a cabo tódolos investimentos posibles en bancos xermanos e, en pouco tempo, Alemaña devaluou a súa moeda. G. Manuel González Carballido<sup>30</sup> engade que nese período os seus compradores de Estados Unidos comezaron a non pagar os pedidos.

Aludíuse a varias posibles causas da quebra económica da empresa. Segundo os testemuños orais dos veciños do seu pobo natal, unha das causas da ruína dos Barcia foi o afundimento de varios barcos a causa da Primeira Guerra Mundial. Un dos descendentes de José Barcia, Roberto Jorge Raffo Keczeli, sinala que unha filla de José Barcia Boente tamén mantén esta versión e, o certo é que nunha entrevista, outra das súas fillas, Emilia Barcia Boniffatti, sinala que ao retornar de Europa coa súa irmá

---

<sup>30</sup> Testemuño de Gonzalo Manuel González Carballido, *Opus cit.*

o seu pai reveloulles que o barco que conducía ao vello mundo un cargamento de caucho no que investira toda a súa riqueza fora a pique, e que se topaba practicamente na ruína. Sinala tamén que, dous meses despois, o administrador do banco lle notificou que o Director lle cortara o crédito.<sup>31</sup>

A versión que irradiou máis luz sobre este tema é a do descendente Raúl Barcia. Quen indica que a quebra definitiva do negocio prodúxose efectivamente durante a Primeira Guerra Mundial. O sistema de venda do caucho sempre fora a subasta dos barcos de caucho e a venta ao mellor pagador, e a firma Barcia mantivoo ata o final. Durante o período do conflito bélico, Perú non se implicou con ningún dos bandos e José Barcia vendeu un cargueiro cheo de caucho aos alemáns. Este cargueiro foi secuestrado polos ingleses, que alegaron unha colaboración. Os alemáns non pagaron a mercadoría e José gastou o que quedaba da súa riqueza en avogados e pleitos co goberno británico, ata que finalmente dous anos despois logrou que lle devolvesen o cargamento.

Para cando isto sucedeu, o precio do caucho xa tiña baixado demasiado e José encontrouse cun barco cheo de caucho e a produción que se guardara nos almacéns durante eses dous anos.

José foi o único dos tres irmáns que formou unha familia. En 1885 casou con Elena Bonifatti, coa que tivo tres fillas, Basilia, Victoria e Emilia. En 1907 quedou viúvo e en 1909 casou con María Dolores García, coa que tivo oito fillos: Olga, Fernando e Dolores (a cual continúa con vida), María, José, José II, Cecilia e Josefina.

Posiblemente foron estes lazos familiares os que fixeron que José permanecese en Perú. Segundo indica un dos seus descendentes, Roberto Jorge Raffo, José viviu ata 1936, cando faleceu na súa casa de Miraflores, un dos barrios exclusivos de Lima.

Require especial mención, neste apartado, a actividade de tres dos fillos de José en Lima, xa que tamén representan unha mostra da impronta que os galegos deixaron en América. Fernando Barcia García, fillo da súa segunda muller, foi xornalista, político

---

<sup>31</sup> GARCÍA DE ÁGUILA, U. “*Emilia Barcia ayer y hoy*”, en Revista Amazonía, nº 52, Lima, Diciembre de 1983-enero de 1984.

e un ilustre intelectual. Estivo encarcerado no CEPA, un centro para inculpados políticos no departamento de Madre de Dios, en plena selva peruana. E dirixiu varios periódicos en Iquitos: o Oriente, o Matutino e o Eco.

Fillas do seu primeiro matrimonio, as irmás Emilia e Victoria Barcia Bonifatti<sup>32</sup> levaron a cabo unha labor de gran importancia para a educación peruana. Estas dúas irmáns foron enviadas a Barcelona para que se formasen e o seu retorno a Perú coincidiu co período de crise do caucho. Para poder subsistir estas irmás decidiron abrir, xunto con Lucha Rothmund, un Kindergarten moderno. Este foi o primeiro centro deste tipo que se abriu en Perú e, a día de hoxe, son consideradas as pioneiras da educación infantil peruana.

Generoso permaneceu algún tempo máis en Perú, logo trasladouse a Brasil e permaneceu alí durante un breve período, para finalmente retornar a Padróns. Nun manuscrito sinala que:

*“Pero fue aún más emocionante, cuando por última vez nos despedimos<sup>33</sup> en el muelle de Iquitos y conversamos extensamente de las luchas y goces de la vida y por último ambos como animándonos mutuamente hemos estado de acuerdo en que si alguna cosa tenían que hecharnos en cara era que dejábamos una obra importante inconclusa para la cual no alcanzaban nuestros bienes aún cuando quisiéramos disponer de ellos para ese fin”.*<sup>34</sup>

Unha vez en Padróns, onde aparece censado coa súa irmá Josefa no padrón municipal de 1945,<sup>35</sup> doou o grupo escolar á parroquia, como reflexa o seu testamento.<sup>36</sup> Faleceu o 21 de xullo do ano 1951 nesta parroquia e foi enterrado no panteón familiar da súa irmá.

---

<sup>32</sup> GARCÍA DE ÁGUILA, U. “*Emilia Barcia ayer y hoy*”, en Revista Amazonia, nº 52, Lima, Diciembre de 1983-enero de 1984.

<sup>33</sup> Arquivo da Fundación Barcia, Padróns.

<sup>34</sup> Arquivo da Fundación Barcia, Padróns.

<sup>35</sup> Arquivo Municipal de Pontearreas

<sup>36</sup> Arquivo da Fundación Barcia, Padróns.

## Doazóns e labor filatrópico

As remesas de diñeiro teñen sido consideradas como unha das principais achegas dos emigrantes aos seus lugares de procedencia. O destino que recibían era moi variado. Algunhas empregáronse na redención de foros ou a compra de casas, con outras contribuíuse a sufragar xornais, fontes públicas, escolas... E servían para dotar de liquidez a unha ampla masa de campesiños e pequenos comerciantes que tiñan no tráfico da emigración unha fonte de ingresos privilexiada.<sup>37</sup>

Con frecuencia, o individuo que emigraba e alcanzaba unha fortuna soía facer da súa actividade económica o centro da súa vida, polo que normalmente chegaba a unha idade avanzada sen ter tido tempo para contraer matrimonio e formar unha familia. É por iso que soían contar con gran liberdade de movementos ao final da súa existencia para dispor dos caudais despois de anos de intenso traballo.<sup>38</sup> Sen dúbida, neste grupo podemos enmarcar a Generoso e Benito, xa que ámbolos dous ficaron solteiros e sen descendencia ata o día da súa morte, o que lles permitiu dispor dos seus bens con maior liberdade.

Fundamentalmente, a actuación destes individuos orientouse nun triplo sentido: a educación, a beneficencia e as fundacións de tipo relixioso, moi características da mentalidade dos séculos XVI e XVII e que desapareceu durante as primeiras décadas do século XIX.<sup>39</sup>

O labor filantrópico materializado en Galicia polos indianos que acadaron unha importante situación económica será outra das

---

<sup>37</sup> VILLARES PAZ, R. Opus cit. pp 48-53.

<sup>38</sup> GONZALEZ LOPO, D.L. “*Los frutos de la emigración: las fundaciones filantrópicas de los indianos gallegos*” en Galicia e América, cinco siglos de historia, Consello da Cultura Galega, páx.,213.

<sup>39</sup> Ídem, páx. 213.



actitudes que se manifesta na arquitectura.<sup>40</sup> Xosé Manoel Núñez Seixas indica que os emigrantes rara vez investían en novas actividades produtivas fóra da agricultura. Preferiron investir en valores xulgados seguros antes que en novas industrias.

Estes tres irmáns realizaron un gran labor filantrópico no seu pobo natal, onde financiaron a realización de varias obras públicas para a parroquia, levantaron vivendas para membros da súa familia e sufragaron a construción dun colexio.

Indagando nas doazóns que fixeron estes irmáns faremos unha diferenciación. En primeiro lugar abordaremos aquelas que estaban destinadas a mellorar a situación da súa familia e despois analizaranse as que estaban destinadas a favorecer a situación dos seus veciños.

### **a) Vivendas familiares**

Unha das primeiras obras que realizaron no seu pobo natal foi o acondicionamento da finca paterna, chamada A Rocha. Era unha finca de gran extensión onde se situou a granxa agrícola da sociedade agraria “*La Prosperidad*”, de Padróns. En 1917 os irmáns fixeron unha permuta, na que José trocou a súa parte no solar do Coto pola parte de Generoso e Benito na finca da Rocha, de tal xeito que José pasou a ser o único propietario.

A Rocha tiña grandes luxos. Os mobles tiñan sido trasladados dende Vigo, estaba equipada con bañeiras e tiña instalado un sistema no soto mediante o cal se alumeaban con carburo tódalas lámpadas do inmoebel. A finca tamén estaba dotada de grandes infraestructuras, xa que como temos dito, nela estaba situada a granxa agrícola da sociedade agraria de Padróns. Estaba cercada cun muro de pedra e no seu interior tiña pistas para circular con maquinaria. Posuía tamén un muíño propio e varios silos.

Os irmáns Barcia construíron tamén unha casa para cada unha das súas irmás e para unha das súas sobriñas.

---

<sup>40</sup> GARRIDO MORENO, A. “*A imaxe arquitectónica dos indianos galegos*”, en *Estudios migratorios*, N° 11-12, (xuño-dec. 2001), pp. 319-335.

<sup>41</sup> NUÑEZ SEIXAS, X. M. *Opus cit.* páx.58

Nembargantes, coa crise xa non puideron rematar algunha das construcións, como por exemplo a casa da súa irmá Angustia, situada no barrio de Castro. Hai que sinalar que a casa da sobriña dispuña dun moderno sistema eléctrico que funcionaba aproveitando a corrente de auga dun muíño instalado no soto.

Tódalas súas construcións foron feitas con materiais de alta calidade, pero hai unha ausencia notable de adobios e decoración. O estilo arquitectónico segue a pauta das casas señoriais rexionais e algunhas estaban dotadas de grandes balconadas.

## **b) Obras públicas**

Estes tres irmáns tamén levaron a cabo numerosas obras públicas en beneficio de tódolos veciños da parroquia. Construíron e repararon varios camiños, en parte, porque non había boas comunicacións para recibir os materiais que precisaban. De feito, o reporteiro do xornal *El Tea* que Generoso enviou para visitar A Rocha, queixábase dos malos accesos e do moito que lle custara chegar a Padróns.<sup>42</sup> Un dos camiños que fixeron foi o da Viña Branca. Neste caso, as fontes orais sinalan que para evitar ter que pedir permisos a tódolos propietarios, abrirono de noite e fixeron pasar por el a tódolos seus traballadores, facendo valer así o dereito que di que unha vez que se pasa por un camiño, este pasa a ser público.

Repararon e construíron tamén varias pontes, entre elas a da Viña Branca, a da costa da Mó e outra no acceso a Mouro, da cal dan constancia as actas municipais do concello de Pontearreas.<sup>43</sup> Tamén construíron un lavadoiro na Portela, detrás da casa que construíran para a súa sobriña.

Por último, sinalar que levaron a línea telefónica á parroquia, establecendo un na súa casa e outro no colexio. O tendido e os postes foron custeados por eles, pero durante a Guerra Civil e a posguerra os veciños roubaron o cable para aproveitar o metal.<sup>44</sup>

---

<sup>42</sup> *El Tea*, 9/10/1914, “*Padronés*”, L.C.

<sup>43</sup> Arquivo Municipal de Pontearreas.

<sup>44</sup> Testemuño de G. Manuel González Carballido, opus cit.

## O grupo escolar, O Coto

A súa maior obra foi a construción dun grupo escolar que foi fundado o 14 de novembro de 1913 e que contiña tódolos adiantos vangardistas da época.

O ensino elemental na Galicia campesiña do século XIX cubríase frecuentemente coas chamadas “*escolas de ferrado*”. Estas, soían consistir en cortes, casas abandonadas, muíños ou, no mellor dos casos, centros parroquiais. Case sempre lugares desapracibles, mal acondicionados, onde un “*escolante*” ou mestre impartía coñecementos rudimentarios. O máis probable é que a escola na que os tres irmáns recibiron as súas primeiras letras, a denominada “*Circo*”, en Borbén, fose unha instalación de este tipo.

Os pais sufragaban en especies o mantemento destas escolas e acomodaban os horarios das clases ás necesidades do traballo agrícola no que os nenos eran empregados. Polos datos que nos foron aportados, sabemos que os irmáns Barcia asistían de noite ao colexio para poder compaxinalo coas tarefas agrícolas.

A educación foi sempre unha das preocupacións primordiais dos emigrantes, individuos que saíron moi novos dos seus lugares de orixe con un nivel cultural baixo, circunstancia agravada polo feito de pertencer lingüísticamente a unha cultura diferente que aquela que rexía nos territorios onde pretendían arraizar. Sen dúbida, as grandes dificultades que isto lles orixinou foron a causa de que intentaran evitar o mal tranche aos seus veciños ofrecéndolles os medios para adquirir, cando menos, os coñecementos indispensables para saberen moverse con certa soltura fóra do ámbito parroquial.<sup>45</sup>

---

<sup>45</sup> GONZALEZ LOPO, D.L. Opus cit. páx. 214.

Peña Saavedra<sup>46</sup> coincide nisto e sinala que a intervención escolar dos ausentes resposta a unha peculiar sensibilización perante a problemática educativa e que dita sensibilización emerxe a raíz da experiencia emigratoria, como resultado da concatenación de tres vectores: as carencias formativas das que eran portadores os protagonistas do éxodo, a impronta que neles produciu a súa instalación na sociedade de acollida e as mediacións ás que se viron expostos no exterior. A confluencia destas tres variables favoreceu a xénese dunha nova mentalidade no colectivo emigrado que permite explicar a súa implicación directa en numerosas iniciativas de carácter educativo, social e cultural focalizadas na súa rexión de procedencia.

Atendendo ás explicacións de Peña Saavedra,<sup>47</sup> os irmáns Barcia estarían enmarcados nun continxente que se nutría de varóns xoves e adultos en período de plena actividade produtiva, de extracción rural, adicados ás faenas agrícolas nas súas localidades de procedencia e que, a xulgar por algunhas evidencias empíricas de carácter fragmentario, presentaban unhas taxas de alfabetización sensiblemente superiores ao conxunto dos residentes en Galicia.

Tratábase de suxeitos que, de ordinario, foron sometidos a un breve e irregular proceso de escolarización e que ademais se caracterizaban por posuír unha escasa, cando non nula, cualificación profesional. No caso concreto dos Barcia xa vimos que a súa formación fora escasa, é máis, o maestro Piñeiro Groba tachaba a súa formación cultural de inadecuada.<sup>48</sup>

Para este autor,<sup>49</sup> a implantación destas escolas de americanos non se acomodou a ningún patrón unitario, senón que adoptou tres solucións alternativas: na primeira, os emigrantes aportaban

---

<sup>46</sup> GARCÍA DOMINGUEZ, M. T. “*A emigración galega a América no século XX: o caso peruano*”, en IRIMIA VAZQUEZ, R. e FROJAN FONTAN, J.F (COORD), “*IºS Encontros Galicia – América*”.

<sup>47</sup> PEÑA SAAVEDRA, V. “*Das fundacións docentes dos indianos as escolas de americanos: catro séculos de intervención escolar dos emigrantes galegos*”, en IRIMIA VAZQUEZ, R. e FROJAN FONTAN, J.F (COORD), *IºS Encontros Galicia – América*.

<sup>48</sup> Notas bibliográficas de Piñeiro Groba, Arquivo privado de Nuria Gándara, Padróns, Ponteareas.

<sup>49</sup> PEÑA SAAVEDRA, V. *Opus cit.*

o capital preciso para cursar a infraestrutura dos planteis, sendo competencia da Administración Pública o nomeamento e a remuneración do profesorado; a segunda limitábase a contribuir cunha partida monetaria á creación dun establecemento académico, e a terceira, que sería a dos Barcia, consistía en asumir integramente as funcións de financiamento, dotación, administración e supervisión dos centros, os cales adquirirían a condición de colexios privados.

Os emigrantes tiveron unha constante preocupación polas dependencias nas que debían desenrolarse as actividades educativas. Procuraron levantar edificios escolares ou, no seu caso, restaurar e acondicionar construcións xa existentes. Cando estaban en posesión de recursos suficientes non dubidaban en solicitar recomendacións a través da prensa acerca das características que debían reunir as construcións.<sup>50</sup>

Seguindo as recomendacións oficiais de aquel momento, o mellor era emprazar as instalacións escolares en terreos elevados, secos e salubres e con bos accesos para non dificultar a asistencia dos alumnos, especialmente na época de choivas. Enfatizase no máximo aproveitamento do sol, a máxima protección das choivas e a defensa do vento, sen que impedise unha adecuada ventilación do local.

En canto á construción, considerábase que os cementos do edificio debían ser de cal e pedra ordinaria en terreos secos e de cal hidráulica e pedra silíceas nos húmidos. O primeiro piso non debía estar en contacto coa terra e, a ser posíbel, construíriase a unha altura igual ou superior a un metro sobre o nivel do chan. A pavimentación realizábase en madeira, a miúdo nobre, excepto nos vestíbulos, pasillos e servizos, nos que se empregaba cemento e baldosa. As paredes, normalmente, estaban pintadas en branco ou en cores claras para ampliar a luminosidade. Os tellados eran de dobre plano inclinado, cubertos, segundo a zona, de tella ou pizarra. Acostumábase a deixar un espazo bacio entre o tellado e os departamentos habitables e prescindíase de xeito

---

<sup>50</sup> PEÑA SAAVEDRA, V. “*Tres aspectos del proyecto escolar de los emigrantes gallegos: instalaciones, equipamiento y personal docente*” en Bordón, nº 253, maio-xunio 1984, páx. 405 e ss.

xeneralizado das terrazas para eludir as filtracións. Mentres que nos interiores se empregaba preferentemente a madeira, para os exteriores empregábase a pedra, o tixolo e o cemento. En casos excepcionais tamén usaban mármore. E a altura non adoitaba ser superior a dous pisos.

En función disto, para a construción deste colexio, os Barcia adquiriron, entre os tres irmáns, un soar chamado O Coto de Maínza que tiña unha extensión de cincuenta áreas e setenta e dúas centiáreas. Xa na escritura de compra sinalábase que se adquire a parcela para edificar dentro unha escola que pensaban fundar para a parroquia, unha casa para o mestre e as demais dependencias que se creran oportunas.<sup>51</sup>

Estes conxuntos arquitectónicos distribuíanse nunha pluralidade de dependencias. As pedagóxicas soían ser unha aula para nenas e outra para nenos, ambas podían estar situadas na mesma planta e separadas por un pasillo central común, ou en distintas plantas con entradas independentes. Os centros contaban con espazos para recreo e deporte ao aire libre, campos de experimentación agrícola e xardíns contiguos ao edificio, cercados con muros ou verxas. Os salóns da biblioteca e o museo escolar, as salas de xuntas e os despachos de dirección non estaban xeneralizados. Nalgunhas ocasións tiñan salas de reunións que eran empregadas por agrupacións locais de carácter agrario ou cultural para celebrar xuntas ou actividades. E algúns edificios contaban con vivendas para o profesorado.

Dispuñan de urinarios e lavabos provistos de auga corrente e, con menor frecuencia, de retretes, duchas e baños. As instalacións hixiénicas sanitarias construíanse adosadas ó corpo principal.

No testamento de Generoso Barcia faise unha descrición do edificio, e compróbase que cumpre as pautas descritas máis arriba. Sinalábase que o edificio ten varias dependencias; a do sur é un salón amplo no que funcionou a escola Barcia; a do norte ten unha adega na planta baixa, e accédese ao piso principal por unha escaleira de pedra, en cuio andar ten unha vivenda. Entre estas dúas salas hai un corpo central e, sobre a porta de entrada,

---

<sup>51</sup> Arquivo Fundación Hermanos Barcia, Padróns.

unha torre de granito con reloxo e campá; interiormente e a ambos lados da entrada, retretes con auga corrente, un patio cuberto con bóveda de ladrillo encima dunha arcada de ferro e, ao fondo, un salón no que está domiciliado o sindicato agrícola. No edificio escola existe unha instalación de alumeado de carburo co seu gasóxeno.<sup>52</sup>

No referente á domiciliación do sindicato La Prosperidad, fundado polos Barcia en 1913, hai que dicir que nun manuscrito faise referencia a varios artigos da sociedade agrícola e oficios varios. Neles, e según o artigo 79, sinaláanse algunhas das actividades realizadas no edificio;

*“Entre los dos salones laterais que se dedican a la enseñanza y cultura de ambos sexos y clases nocturnas para adultos y adultas hijos de asociados o no asociados de esta parroquia, existe un salón que mide cien metros cúbicos destinados a domicilio social de la sociedad de agricultores de esta vecindad, donado también por los mentados señores Barcia”.*<sup>53</sup>

O semanario El Tea deixa constancia de que os irmáns Barcia constrúen en Padróns un grupo escolar mixto nun edificio que tamén contén outras seccións, como a sociedade de agricultores. Indícase que están construídas con tódolos adiantos modernos, e califícanos coma o mellor que existe nas aldeas do distrito.<sup>54</sup>

Eran frecuentes unha variedade de accesorios de tipo ornamental, que son o selo especial que imprimen os americanos ás súas obras como elemento identificador. Son os balaústres chamativos, as escalinatas artísticas, os aderezos de pórticos e ventanais e o cobizado reloxo de carrillón. Este último, ademáis de ser un símbolo de distinción do poder económico das sociedades, constituía un servizo público. En conxunto, o aspecto externo dos planteis resultaba monumental, era unha especie de mestizaxe de estilos con influencias clásicas, modernistas e coloniais.

Neste aspecto hai que sinalar que os Barcia fixeron en Padróns un edificio que reproducía unha arquitectura colonial. No testamento

---

<sup>52</sup> Testamento de Xeneroso Barcia Boente, Arquivo da Fundación Hermanos Barcia, Padróns.

<sup>53</sup> Arquivo da Fundación Hermanos Barcia, Padróns.

<sup>54</sup> El Tea, “*Padrones*”, Evaristo Besada Santos, 1/11/1913.

sinálase que ten unha escalinata artística e unha balaustrada de cemento. Aos dous lados da escalinata de entrada ten dúas fontes con surtidor de auga e outra na ala norte da construción.<sup>55</sup>

No referente aos profesores destas escolas, era xente cunha alta cualificación profesional, dinamizadores e promotores de actividades de índole sociocultural para o conxunto da sociedade, e eran retribuídos cun salario superior ao que percibían os mestres dos centros oficiais. No caso de Padróns, o mestre escollido foi Manuel Piñeiro Groba, un home pertencente a unha familia adiñeirada de Cristiñade, outra parroquia da zona de Pontearreas. Ademáis, este home contraeu matrimonio anos despois cunha sobriña dos irmáns e no testamento de Generoso Barcia é nomeado membro vitalicio do patronato.<sup>56</sup>

O mobiliario predominante nas escolas de emigrantes estaba constituído por mesas bipersoais, tiñan unha disposición lixeiramente inclinada e estaban provistas de concavidades. Para o profesor había unha mesa escritorio de madeiras nobres con caixóns laterais e con un sillón tamén de madeira. As estanterías, armarios e vitrinas eran de madeira e instalábanse adosadas ás paredes próximas da mesa do profesor. Dentro do salón da clase tamén había encerados na parte frontal, coleccións de láminas de historia e anatomía, álbums de artes e oficios, esferas terrestres, mapas, taboleiros contadores e materiais e utensilios para traballos manuais.

As bibliotecas custodiaban, entre os seus fondos, libros escolares, obras clásicas, publicacións de escritores americanos, españois e, a miúdo, galegos, así como enciclopedias e dicionarios. As temáticas máis comúns eran a literatura, a pedagogía e a historia. En numerosas ocasións recibían donativos de emigrantes non asociados para comprar novos exemplares, ou ben lotes de libros enviados dende distintas localidades de España e América. A existencia de obras non escolares debíase a que a biblioteca tamén era empregada polos veciños adultos.

Neste caso, o mobiliario era o estándar e, a través de testemuños de veciños, tense constancia de que contiñan vitrinas con

---

<sup>55</sup> Testamento de Xeneroso Barcia Boente, Opus cit.

<sup>56</sup> Ídem.



exemplos de minerais e láminas de mapas. Tamén dotaron ao colexio dunha boa biblioteca, con obras de literatura e algunhas obras especializadas de historia, agricultura e xeografía.

A temática dos libros non era só infantil, senón que tamén abarcaba temas como a agricultura experimental, o que se debía a que a biblioteca tamén era empregada polos membros do sindicato agrícola e por adultos que asistían a clases nocturnas. Tamén se levaron a cabo doazóns por parte de outros colectivos emigrantes, como por exemplo a que sinala o semanal *El Tea*, na que os veciños de Padróns emigrados a Sevilla doaron unha gran cantidade de libros instrutivos agrícolas.<sup>57</sup> Noutro número indícase que os libros enviados titúlense *El avogado del obrero*.<sup>58</sup>

A totalidade dos materiais empregados a diario polos nenos era subministrada polos donantes. No caso de Padróns, o grupo foi mantido economicamente polos seus fundadores ata que xa non lles foi posible. Nun manuscrito, Generoso indica que:

*“foi un momento moi emocionante cando eu e o finado meu inolvidable irmán Benito Q.E.P.D. firmamos unha carta dirixida ao señor Piñeiro, comunicándolle que as circunstancias non nos permitían sustentar a escola por máis tempo”*.<sup>59</sup>

Este grupo escolar foi doado por Generoso no seu testamento e nun manuscrito indica que nunha conversa con Benito chegaron á conclusión de que;

*“haciendo la donación del edificio y su finca a la parroquia con el tiempo no faltaría quien llevara a su termino final la obra tan magna por nosotros obtenida. De ahí la pesadilla que tuve siempre por hacer la donación en la mejor forma posible, una vez convencido que yo solo jamás hubiera sido capaz de cumplir nuestro deseo”*.<sup>61</sup>

A escritura de mandato outorgada por Generoso Barcia Boente o día 14 de outubro de 1935<sup>62</sup> sinala que por testamento

---

<sup>57</sup> *El Tea*, “*Padrones en Lisboa*”, J.L.C., 1/5/1914.

<sup>58</sup> *El Tea*, “*Padrones*”, 17/4/1914.

<sup>59</sup> Arquivo da Fundación Hermanos Barcia, anexo nº18.

<sup>60</sup> Testamento de Xeneroso... Opus cit.

<sup>61</sup> Arquivo da Fundación Hermanos Barcia, Padróns anexo nº 18

<sup>62</sup> Testamento de ...Opus cit.

outorgado ante notario o día sete de xullo do corrente ano, legou aos veciños da parroquia de Padróns unha finca na paraxe chamada “*Coto da Mainza*” co edificio no que se atopa instalada a escola de nenos, co fin de dedicala á instrución ou beneficencia en proveito dos moradores da parroquia, establecendo unha fundación perpetua baixo o nome de “*Hermanos Barcia*”, rexida por unha xunta ou patronato, alí designada, e co obxecto de que a fundación poida dende logo cumprir os fins para os que foi creada.

No testamento<sup>63</sup> especificase que o salón actual do sindicato agrícola da parroquia de Padróns, a cuxa fundación contribuíu o testador, debía ser empregado sempre por esta sociedade para a súa residencia, e con tal obxecto poderíanse realizar nel as obras e melloras que se xulgasen convenientes.

---

<sup>63</sup> Idem

## A labor política, La Prosperidad

Para Miguel Cabo Villaverde, o agrarismo constitúe o movemento social máis importante da Galicia contemporánea, vixente nas cinco décadas que se estenden dende mediados dos oitenta do século XIX ata a Guerra Civil.

Un fenómeno rigorosamente contemporáneo ao seu desenvolvemento é o do asociacionismo dos galegos en América, que ten lugar tamén a partir, precisamente, das dúas décadas finais do século XIX, e que conforma co agrarismo unha interacción da que tanto un coma outro saíron mutuamente reforzados.<sup>64</sup>

Na década dos noventa do século XIX a constitución das sociedades é patente en moitos lugares. A Lei de Asociacións de 1888 e o sufraxio universal masculino de 1890, como canles de participación democrática, axudan a iso tanto como as dificultades derivadas da crise agraria finisecular que obrigan á asociación para lles facer fronte.<sup>65</sup>

A primeira sociedade agrícola foi fundada na parroquia pontevedresa de Lérez en 1886, e durante os anos que quedan ata o comezo do século XX as sociedades agrarias van ser un fenómeno predominantemente pontevedrés.<sup>66</sup> De feito, na derradeira década do século XX a provincia de Pontevedra adquiriu vantaxe en canto ao que a cultura societaria se refire; coa proliferación de prensa agraria, celebración de congresos e aglutinamento de sociedades en Federacións Municipais (Pontevedra, Tui, Salceda, Tomiño, A Guarda, Cotobade, Redondela...), de partido

---

<sup>64</sup> CABO VILLAVERDE, M. “Os “americanos” e o movemento agrarista (1900-1936)” en *Estudios migratorios*, N°11-12.

<sup>65</sup> GONZALEZ PROBADOS, M. “O agrarismo galego” en *A Nosa Terra*, n° 10, (1988), páx. 46.

<sup>66</sup> CABO VILLAVERDE, M. *O Agrarismo*, Vigo, A Nosa Terra, 1998, páx. 109

xudicial (Ponteareas, A Estrada, Silleda, Forcarei, Cercedo, Cambados-Caldas, Redondela, Vigo...) e provincial, coa formación en 1912 da Unión Agraria Provincial.<sup>67</sup>

Na derradeira década do século XIX a área baixomiñota da provincia pontevedresa aparecía configurada politicamente como feudo do conservadorismo dinástico, claramente hexemónico nos diferentes niveis da representación. Á mesma filiación respostaban case tódolos deputados provinciais elixidos polas circunscricións de Ponteareas-A Cañiza e Vigo-Tui. Se nos fixamos na mesma paisaxe un lustro despois, podemos apreciar a aparición de certos cambios: nun bo número de parroquias dos tres partidos do sur pontevedrés tiñan xa constituídas entidades agrarias de diferente fasquía.<sup>68</sup>

Ao rematar o ano 1905, máis da quinta parte das 162 parroquias dos partidos bañados polo Miño no seu treito pontevedrés contan con algún tipo de entidade agropecuaria e só en tres concellos, os de Arbo, A Cañiza e A Guarda non había ningunha.

Como sinala Hervés Sayar,<sup>69</sup> o núcleo de Ponteareas foi o pioneiro da organización agraria da rexión baixomiñota. En maio de 1903 constituíuse en Ponteareas a Xunta Local Unionista, dando lugar a unha serie de actos organizados nas freguesías dos concellos de Ponteareas, Salvaterra e Mondariz. Os seus froitos foron as dez novas Sociedades de Agricultores que, entre outubro de 1903 e o mesmo mes de 1904, comezaron a súa actividade no distrito.

O ámbito territorial que abranguíu a sociedade ou sindicato é maioritariamente a parroquia. Pódese dicir que o agrarismo e o nacionalismo foron os dous movementos de corte político que na historia de Galicia souberon reconecer á parroquia como marco inmediato de interacción social. Tratában de identificarse co conxunto da parroquia, xa que a fortaleza da sociedade radica na masa, no colectivo, e na maior parte dos casos son sentidos como

---

<sup>67</sup> Ídem, páx..109.

<sup>68</sup> HERVÉS SAYAR, H. “ O nacemento do asociacionismo campesiño na rexión baixomiñota, 1900-1905” en FERNANDEZ PRIETO, L. (Ed.) Terra e progreso historia agraria da Galicia contemporánea,Vigo, Xerais, 2000, páx.163.

<sup>69</sup> Ídem,páx.185 e ss.

unha necesidade, de ahí que desde a súa constitución acubillen a case a totalidade dos moradores. De feito, Miguel Cabo Villaverde<sup>70</sup> sinala que as cifras revelan que a organización parroquial resulta claramente máis efectiva na captación de socios que a municipal.

Dentro do seu marco organizativo non contemplan ao individuo de xeito illado, senón como compoñente da célula básica rural: a familia. As mulleres podían ser socias nas mesmas condicións ca os homes nos casos en que desempeñasen a xefatura familiar. En canto á composición profesional, poderíase dicir que as Sociedades Agrarias reproducían o microcosmos social da parroquia na que estivesen implantadas.

O liderado viría exercido maioritariamente por elementos non campesiños da sociedade rural e, ademáis, os campesiños presentes nas directivas, socializados na emigración ou no movemento obreiro urbano, encadraríanse máis ben como semicampesiños. Canto máis baixo é o nivel, maior é a presenza de campesiños nos postos directivos. Os dirixentes teñen unha posición económica por enriba da media e un capital relacional que pode proceder das calidades persoais ou derivar da profesión.

O grao de compromiso político e ideolóxico dos líderes e o da masa dos asociados conformaban dous niveis distintos, en xeral máis consciente e militante nos primeiros, mentres que os segundos afiliábanse en boa medida atraídos polos incentivos selectivos ofrecidos, polo sentimento de pertenza a un colectivo e de reforzamento da propia identidade e polas formas de sanción que podían aplicarse a quen non seguise os designios da maioría.<sup>71</sup>

Unha característica clara do movemento societario campesiño era a influencia da emigración, sexa en forma de apoio financeiro das Sociedades de emigrantes nas repúblicas americanas, de ideas e pensamentos anovadores ou de presenza nas directivas de xente que conta nas súas biografías con episodios de emigración. As contribucións chegadas de América marcaban a diferenza entre unha sociedade ben arraigada que lles ofrecece

---

<sup>70</sup> CABO VILLAVERDE, M. “Os “americanos” ... Opus cit páx..172.

<sup>71</sup> Ídem, páx. 174

contrapartidas prácticas aos seus socios e outra que arrastrase unha existencia precaria e privada de servizos cooperativos.<sup>72</sup>

Xosé Manoel Núñez Seixas<sup>73</sup> indica que existe unha correlación positiva entre a presenza de emigrantes retornados e a fundación de sociedades e sindicatos agrarios. Pero non todos, nin sequera a maioría dos emigrados retornados mantiveron un comportamento social e político discordante co marco tradicional. No caso concreto da área baixomiñota, como en boa parte de Galicia, engade, na primeira década do século os americanos non xogaron un papel impulsor, pero si que o fixeron a partir de 1913.<sup>74</sup>

A materialización con máis éxito do apoio material procedente de alén do Atlántico estaba constituída pola dotación dunha sede social propia que permitiría deixar atrás solucións provisionais.<sup>75</sup> Neste aspecto, os irmáns Barcia levaron a cabo a construción dun edificio que albergaría a escola e a sede do sindicato agrícola.

Hai que sinalar que, baixo o regulamento, a acta de constitución e a presenza nos rexistros oficiais pode agocharse tanto unha sociedade agraria que existe únicamente no plano formal, como unha que realmente deixa unha pegada perdurable no ámbito en que actúa. En moitos campos de actuación as sociedades agrarias aspiraban a cumprir un papel supletorio do Estado, e soía haber unha relativa uniformidade da actuación independentemente da súa adscrición ideolóxica. As funcións que pode desempeñar unha sociedade agraria pódense clasificar en cinco categorías: económicas, técnicas, educativas, de organización da convivencia e político-reivindicativas.

Dentro das económicas destacan os seguros do gando, as compras en común, ben de produtos de consumo, a comercialización de excedentes ou, en menor medida, o crédito. En cuanto á divulgación técnica hai que destacar as conferencias, a instalación de

---

<sup>72</sup> Id.,páx. 181.

<sup>73</sup> NUÑEZ SEIXAS, X.M. ¿Americanos revolucionarios ou indios reformistas? Sobre os emigrantes e a política na Galicia da restauración (1900-1923), Separata do Anuario Brigantino 1994, nº17, Betanzos 1995, pp. 226-227.

<sup>74</sup> NUÑEZ SEIXAS, X. M. Emigrantes... Opus cit.,páx. 204.

<sup>75</sup> CABO VILLAVARDE, M. "Os "americanos" ... Opud cit. páx.. 181.

básculas nas feiras, a creación de paradas de sementais con reprodutores selectos ou o tratamento de temas agrícolas na presa societaria, entre outros.

As actuacións no eido educativo foron frecuentes, tanto denunciando as carencias das escolas primarias e dos mestres, como creando e mantendo escolas. No que se refire aos adultos, eran levadas a cabo actividades como a organización de conferencias, a subscrición á prensa agrícola e, en xeral, a creación de bibliotecas para socios ou visitas a centros agrícolas, entre outras.<sup>76</sup>

No que se refire á organización da convivencia pódese falar de accións diversas referidas á sociabilidade campesiña, dende o acompañamento do finado nos funerais á práctica da arbitraje. Tamén se introducen novas formas de sociabilidade, como a prensa, a organización do lecer e o mitin, que se dota de todo un ritual onde terá gran importancia, precisamente, a prensa.

Por último, dentro das actuacións político-reivindicativas, hai que sinalar que o obxectivo primario para as sociedades era exercer a maior influencia posible sobre o poder municipal. Os aspectos reivindicativos son principalmente aqueles que afectan ao marco da propiedade da terra, con antiforismo como vector de mobilización por excelencia.

Segundo indica Hervés Sayar,<sup>77</sup> en agosto de 1913 ten lugar, no colexio O Coto, unha reunión de representantes das Sociedades Agrarias de Areas, Cristiñade, Ribadetea e Guláns, presidida por Maximino Soto, que resultaría decisiva na historia da organización agraria da comarca. Os acordos que se tomaron nesa reunión foron a creación dunha organización en Padróns e a contratación dun propagandista para organizar as restantes parroquias do municipio.

Pago polos Barcia e polos comités americanos, chegou a Pontearreas Xacinto Crespo Figueras. A súa primeira misión foi axudar á creación dunha sociedade agrícola, que sería financiada polos

---

<sup>76</sup> Ídem, pág. 184.

<sup>77</sup> HERVÉS SAYAR, E. “Agrarismo y societarismo campesino en el Condado (1900-1936): cronología y organización”, en Sobrosum revista de estudos, museo municipal, concello de Pontearreas, Nº1.

irmáns Barcia, en Padróns . Hai que sinalar que Chinto Crespo era o principal dirixente do denominado directorio antiforista de Teis.<sup>79</sup>

Para a inauguración da sociedade celébrase no grupo escolar un banquete típico en gratitude a tódolos petrucios e petrucias maiores de sesenta anos, cuxa concorrencia foi moi numerosa. No discurso inaugural, Xacinto Crespo espuxo a necesidade de vivir asociados para contrarrestar as tropelías que cometían os parasitos caciquís. Leuse o regulamento polo que sería rexida a sociedade e foi acatada unánimemente en tódalas súas partes. Antes de finalizar a celebración, fixéronse numerosos brindes e “vivas” a Padróns e aos señores Barcia, dando paso á actuación dunha serie de gaiteiros.<sup>80</sup> Esta cerimonia encaixaría na definición que M. Cabo Villaverde fai dos mitins, xa que sinala que son unha cerimonia que se dota axiña dun novo ritual, erixíase en alternativa aos cauces políticos habituais e posibilitaba un contacto directo coas multitudes do rural.<sup>81</sup>

Á seguinte reunión da sociedade de agricultores e oficios varios de Padróns “*La Prosperidad*” acudiron máis persoas das convocadas para alistarse. O obxectivo da reunión era designar e elixir cargos diversos para o goberno e a administración da mesma durante a primeira etapa de seis meses. A xunta quedou constituída polos presidentes honoríficos D. Manuel Barcia Carballido e os seus fillos Generoso, Benito e José Barcia Boente. Mentres que o presidente efectivo elixido foi Generoso Barcia Boente, quen unha vez tomado o cargo sinalou que era preciso saudar efusivamente ás demais sociedades do distrito e a tódalas da provincia e a rexión. Esta presidencia encaixaría coa definida por Cabo Villaverde, xa que se trataría dun campesiño socializado na emigración, un semi-campesiño cunha posición económica superior á da maioría.<sup>82</sup>

Ao parecer, a creación desta sociedade agrícola contou coa oposición do párroco, xa que no El Tea sinálase que Generoso

---

<sup>78</sup> El Tea, “*Notas locales*”,25/10/1913.

<sup>79</sup> GONZALEZ PROBADOS, M. “*O agrarismo galego*” en A Nosa Terra, nº 10,(1988), páx..48.

<sup>80</sup> El Tea, “*De Padrones*”,15/11/1913.

<sup>81</sup> CABO VILLAVERDE, M. O Agrarismo, Opus cit.,pp 56 -57.

<sup>82</sup> Ídem, páx.49



Barcia recibiu un telegrama no que os veciños de Padróns residentes en Lisboa lle amosan o seu apoio fronte ás palabras preferidas polo abade.<sup>83</sup> Este feito podería estar relacionado co feito de que fosen os emigrados os primeiros en opoñerse ao labor dos cregos na zona.<sup>84</sup>

A sociedade agraria de Padróns contou cun forte apoio doutros colectivos de emigrados, en especial dos residentes en Lisboa, que doaron unha bandeira da sociedade agraria “*La Prosperidad*” confeccionada con seda e ouro, e os de Sevilla, que doaron libros. Ademáis, os veciños de Padróns emigrados manifestaron varias veces no semanario *El Tea* o orgullosos que estaban de dita sociedade agraria e sinalaron que todos deberían ingresar nela para darlles a homenaxe que merecían aos seus fundadores.<sup>85</sup>

Dentro das funcións que Cabo Villaverde<sup>86</sup> establece para as sociedades agrarias, a sociedade de Padróns cumpre a función económica, a divulgación técnica, a actuación no eido educativo, a organización da convivencia e, nun nivel moi inferior, as actuacións político-reivindicativas.

No referente ás funcións de divulgación técnica, hai que destacar o proxecto levado a cabo na Rocha. Como xa sinalamos antes, na finca da Rocha estaba situada unha granxa experimental que deu traballo a moitas persoas do lugar. O semanario *El Tea* deixa constancia destas actividades e sinalaba que a sociedade agrícola de Padróns posuía unha granxa agrícola onde se facían proxectos prácticos e que estaba a cargo dun enxeñeiro agrícola que daba leccións de cultivo e gandería aos labradores.<sup>87</sup>

Neste aspecto, R. Villares sinala que a modernización da estrutura agraria da Galicia do primeiro tercio do século XX está en relación directa coa liquidez monetaria procedente das remesas de América, porque non foron importantes só os fondos destinados a lograr a propietarización do campesiñado por tódalas vías posibles, senón tamén na instalación de granxas

---

<sup>83</sup> *El Tea*, “*De Padrones*”, 13/2/1913,

<sup>84</sup> NUÑEZ SEIXAS, X. M. *Emigrantes...* Opus cit., páx. 204.

<sup>85</sup> *El Tea*, “*Padrones*” 1/11/1913.

<sup>86</sup> CABO VILLAVERDE, M. *O Agrarismo*, Opus cit. pp 52 e ss.

<sup>87</sup> *El Tea*, “*De Padrones*”, 3/4/1914.

experimentais ou a adquisición de maquinaria agrícola que aforraba man de obra.<sup>88</sup>

Este mesmo semanario, El Tea, sinalaba que se acordou oficiar ao enxeñeiro do servizo agronómico da provincia, pedindo datos das labores da granxa agrícola en preparación e a data na que debían efectuarse para que unha comisión da sociedade atendese a elas, examinase e tomase os datos do enxeñeiro sobre o arado moderno.<sup>89</sup> Este mesmo enxeñeiro acudiu á granxa agrícola da sociedade de Padróns e impartiu unha conferencia que foi complementada con exemplos prácticos coas azadas e grades modernas, propiedade da granxa, para amosar aos labradores as súas utilidades.<sup>90</sup>

No referente aos apeiros de labranza, Lourenzo Fernández Prieto<sup>91</sup> sinala que unha das claves distintivas do proceso innovador en Galicia residiu no papel desempeñado polas sociedades agrarias. O asociacionismo agrario fixo posible, a través de mecanismos de adopción colectiva, a ampliación dos efectos do proceso innovador aumentando as posibilidades do mesmo. A cooperación institucionalizada, articulada en sociedades ou en agrupacións veciñais menos formalizadas, concreouse na realización de compras colectivas que permitían que a comunidade asumise o risco innovador pioneiro, o custo do ridículo, así como que reducese custos na merca dos novos medios de produción.

Un dos xornalistas do semanario El Tea visitou as instalacións da granxa agrícola e sinalou que quedara impresionado pola instalación de apicultura que alí construíra o profesor francés Alfredo Maldulita. Na finca estaban montadas unhas vinte instalacións tipo Layens, unhas colmeas que se usaban principalmente para a transhumancia, é dicir, o movemento das colmeas seguindo a floración. Ao parecer, estas colmeas producían entre mil e mil douscentos

---

<sup>88</sup> VILLARES PAZ, R. Opus cit., pág. 49.

<sup>89</sup> El Tea “Padrones”, 17/4/1914

<sup>90</sup> El Tea, “Padrones”, 24/4/1914

<sup>91</sup> FERNANDEZ PRIETO, L.; “Antonte fronte a onte: as orixes da innovación tecnolóxica na agricultura galega 1900-1936” en DE JUANA, J. e CASTRO, X. (Edit.), X xornadas de historia de Galicia, grandes transformacións na historia contemporánea de Galicia, 1998, pág. 49.

quilogramos de mel. Este mesmo profesor construíra unha instalación de cristal para poder ver o funcionamento das abellas. O xornalista fala tamén dun curioso extractor de mel.<sup>92</sup>

Tamén neste espazo, trataron de extraer augas minerais enterrando grandes cantidades de ferro. Segundo indica G. Manuel González Carballido, os Barcia ordearon escavar unha mina moi profunda nunha zona na que existía un nacente, e unha vez chegaron á profundidade á que pasaba a corrente subterránea mandaron enterrar grandes cantidades de ferro que mercaban en Vigo. O obxectivo era que a corrente de auga pasase polo ferro e produxese augas férreas. Pero o experimento resultou fracasado.

G. Manuel González Carballido fala tamén da construción duns silos que tiñan como obxectivo acumular palla moída. A idea era fabricar un penso que permitise alimentar ao gando durante o inverno sen problemas.

No referente á viticultura, tódalas parras da finca pasaron a estar feitas con ferro. Este detalle aínda se pode apreciar hoxe en día, aínda que durante o período da guerra e a posguerra a sociedade vendeu moito ferro para poder facer fronte aos gastos da mesma.

Para rematar, os dous veciños entrevistados, Perfecto Alfaya Alvariño e G. Manuel González Carballido, fan alusión á grande cantidade de árbores froiteiras que había na Rocha. Tiñan moitas especies, pero destacaban as maceiras; de feito, parece ser que durante un tempo produxose sidra, que con outras froitas era levada para a súa venda a Vigo polas rapazas do servizo.

No terreno económico, a sociedade agraria “*La Prosperidad*” tiña almacéns da cooperativa que en determinados momentos podían surtir de artigos comestibles ao por maior. De feito, o semanal *El Tea*<sup>93</sup> indica que en virtude do amparo das labores do campo abríanse os almacéns para surtir á xente de bacallao e aceite. Tamén compraban en conxunto o sulfato, o xofre e a cal, e tiñan un seguro mutuo de gando vacún.

---

<sup>92</sup> El Tea, “*Padrones*”, 9/10/1914

<sup>93</sup> El Tea, “*De Padrones*”, 3/4/1914

Dentro das accións de organización de convivencia destacan os dous tribunais de arbitraje, que servían para dirimir e solventar, sobre o terreo, calquera cuestión que poidese xurdir entre os asociados sobre “*La propiedad*”. Deste xeito evitábase que se acudise aos tribunais de xustiza para aforrar e evitar antipatías.<sup>94</sup> Tamén nomeaban delegados para a vixilancia do gando nos seus barrios para evitar atropelos nas propiedades, establecéndose multas para facelo máis efectivo, e cuio diñeiro sería destinado a fins benéficos. Impúñanse multas tamén por non respectar e conservar o arbolado, e para aquelas persoas que non eran da parroquia e facían esquilmes e pastoreo de gando nos montes da parroquia.<sup>95</sup>

Contratouse a un veterinario para atender ao gando dos asociados e incluso a un médico para atender a estes.<sup>96</sup> Potenciaron a creación dunha feira no barrio de Chan de Gándara, que se celebrou en varias ocasións, actuaron na construción de varios camiños e potenciaron a creación do cemiterio parroquial. Neste sentido, tiñan dúas coroas de porcelana que acompañaban a tódolos defuntos da parroquia.

No campo político-reivindicativo estiveron incluídos no movemento de redención dos foros. Convenceron a Chinto Crespo para que dese mitins e eles mesmos se mostraron favorables a iso en numerosas ocasións. O semanal *El Tea*<sup>98</sup> fai alusión a unhas palabras ditas polo pai, Manuel Barcia, o día da festa patronal, onde avogaba polo melloramento da vida do labrador orfo de protección por parte dos gobernantes e recomendaba a todos seguir para conseguir a conquista dos seus lexítimos dereitos, e engadía que para iso era necesaria moita unión e o constante exercicio de dereito ao voto. Facíase tamén alusión á redención.

No campo da educación destacou a creación da escola Hermanos Barcia no mesmo edificio onde tiña domicilio a sociedade agraria “*La Prosperidad*”.

---

<sup>94</sup> El Tea, “*De Padrones*”, 29/11/1913.

<sup>95</sup> El Tea, 3/4/1914, Opus cit.

<sup>96</sup> El Tea, “*Padrones*”, 17/4/1914.

<sup>97</sup> Testemuño de G. Manuel Gonzalez Carballido, Opus cit.

<sup>98</sup> El Tea, “*Padrones*”, 3/6/1914

Neste aspecto, se seguimos as pautas de M. Cabo Villaverde, a sociedade agraria establecida en Padróns tería desenrolado actividades en tódolos campos de actuación e, ademais, sería unha asociación consolidada xa que, segundo indica, son precisos dez anos de existencia como mínimo para considerala deste xeito, e esta superounos.<sup>99</sup>

---

<sup>99</sup> CABO VILLAVERDE, M. “*Os “americanos”* ... Opus cit.. páx. 173.

## Conclusións

Como conclusión principal poderíase sinalar que estes tres irmáns poden enmarcarse dentro da pauta xeral da zona. Emigraron seguindo o patrón da zona baixomiñota, é dicir, estiveron un tempo na capital portuguesa e logo viaxaron a Brasil insertándose na corrente maioritaria portuguesa.

Deron o salto a Perú e unha vez alí fixeron unha enorme riqueza nun breve período de tempo gracias á produción do caucho, e funcionaron como un foco de atracción producindo unha corrente migratoria da xente da súa parroquia e arredores cara a Iquitos.

Unha vez que adquiriron a riqueza, poderíase facer unha distinción entre as pautas de comportamento dos tres irmáns, xa que se seguimos a clasificación que Xosé Manoel Núñez Seixas fai no seu artigo *¿Americanos revolucionarios ou indianos reformistas? Sobre os emigrantes e a política na Galicia da restauración (1900-1923)*, José Barcia Boente sería un Indiano, e os seus irmáns Benito e Generoso uns Americanos.

Estes últimos, os americanos, serían xente menos acomodada que contribuíu de xeito decisivo a forxar e engrosar no rural galego unha elite inqueda e activa, que puido converterse no acicate decisivo das campañas agraristas de 1900 a 1926, tamén de sindicatos ou sociedades de orientación socialista ou anarquista, e da expansión durante a II República do nacionalismo galego.<sup>100</sup> Neste aspecto, o máis implicado coa política agrarista foi Generoso, xa que el estivo en Padróns durante os primeiros momentos da organización do sindicato e foi o primeiro presidente do mesmo.

A actuación de José non foi como a dos seus irmáns, de feito, a escritura que sinala un traspaso do colexio a Generoso e Benito

---

<sup>100</sup> NUÑEZ SEIXAS, X.M. *¿Americanos revolucionarios...* Opus cit., páx. 228.

a cambio da finca da Rocha, indica unha menor implicación deste irmán cos asuntos da parroquia. Se facemos caso ao apunte de D. Lopo, isto podería deberse a que José tiña unha familia, e os outros dous non, de xeito que non tiñan problemas á hora de facer doazóns, xa que non tiñan obrigacións cos seus descendentes.

Dos tres irmáns, o máis aventureiro foi Benito. Unha vez arruinado tentou buscar novas formas de saír a flote e incluso se lle relaciona, ás veces, con Alfonso Graña, un veciño de Avión que se introduciu na selva e retornou sendo o rei dos Xíbaros. Generoso apoiouno sempre, e incluso moitos veciños aseguran que unha vez afundidos, este apoiou a Benito nas novas iniciativas e díxolle que si se afundían faríano xuntos.

A actividade que mantiveron en Padróns pode incluírse no marco xeral das actuacións doutros emigrados na súa parroquia de orixe. Buscaron mellorar as súas infraestruturas e aumentar a formación dos seus veciños, dando lugar a unha escola de indios.

Se atendemos á clasificación que fai M. Cabo Villaverde, o sindicato fundado por eles cubría tódolos campos de actuación das sociedades agrarias, e facíao tendo en conta tódolos adiantos da época. Isto convertía á sociedade agraria “La prosperidad” nunha das mellores da zona, dotada cun excelente local, cunha escola cos mellores adiantos e cunha granxa agrícola.

En conclusión, fixeron moito diñeiro nun período de tempo moi curto e investiron parte das súas riquezas na parroquia mentres lles foi posible. Unha vez sen diñeiro, un de eles permaneceu no lugar ao que emigrou, outro faleceu e o terceiro retornou a Galicia pobre, unha figura que tamén é frecuente, a do emigrado que non consegue os obxectivos e volta pobre ao seu pobo de orixe. Neste caso, as propiedades fóranlle embargadas, de xeito que se instalou xunto a súa irmá.

Tres irmáns nunha mesma situación de partida, e tres finais distintos que poden enmarcarse coma as distintas tipoloxías de emigrantes galegos.

## Bibliografía

### Fontes directas

Arquivo municipal do concello de Ponteareas.

Arquivo privado da fundación Hermanos Barcia.

Arquivo privado de Nuria Gándara.

Biblioteca da fundación Hermanos Barcia

### Testemuños orais

Perfecto Alfaya Alvaríño.

Gonzalo Manuel González Carballido

### Libros e artigos

ALLEGUE, G. Galegos: as mans de América, V. II.

BARCIA GARCÍA, F. Ensayos y confesiones, Amazonia siglo XXI, Iquitos, 1986.

BARCIA GARCÍA F. y RUMRRILL R. Pioneros de Loreto, Gobierno regional de Loreto, Iquitos 1996.

CABANA, A. Pedro Murias: un habanero da devesa, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Investigación Tecnolóxica e Formación Agroforestal, (2001).

CABO VILLAVERDE, M. “Os “americanos” e o movemento agrarista (1900-1936)” en Estudios migratorios, Nº11-12.

CABO VILLAVERDE, M. O Agrarismo, Vigo, A Nosa Terra, 1998.

CABO VILLAVERDE, M. Pensamento económico e agrarismo



na primeira metade do século XX, IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela, 1997.

EIRAS ROEL, A. “*La emigración Gallega a las Américas en los siglos XIX y XX. Nueva panorámica revisada*” en EIRAS ROEL, A. (Editor), Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal, Xunta de Galicia, 1992.

FERNANDES RODRIGUES, H. “*Emigração galega para o Brasil através de Viana do Castelo (1838-60); análise a alfabetização e ao perfil socio-profissional*” en EIRAS ROEL, A. (Editor), Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal, 1992. pp. 177-183.

FERNANDEZ PRIETO, L. “*Antonte fronte a onte: as orixes da innovación tecnolóxica na agricultura galega 1900-1936*” en DE JUANA, J. y CASTRO, X. (Edit.), X xornadas de historia de Galicia, grandes transformacións na historia contemporánea de Galicia, 1998, pp. 27-55.

FERNANDEZ PRIETO, L. “*Infraestructura e investigación da investigación agropecuaria en Galicia durante o primeiro tercio do século XX*” en Ingenium, cadernos de historia das ciencias e das técnicas do grupo interdisciplinar de traballo “R. M. Aller”, nº1, Seminario de Estudos Galegos, 1988. pp. 11-25.

FRANCO TABOADA, A. “*Urbanismo indiano en Galicia*” en Revista da comisión galega do quinto centenario, nº 1, (1989), pp. 103-114.

GARCÍA DE ÁGUILA, U. “*Emilia Barcia ayer y hoy*” en Revista Amazonía, nº 52, Lima, Diciembre de 1983-enero de 1984.

GARCÍA DOMINGUEZ, M. T. “*A emigración galega a América no século XX: o caso peruano*”, en IRIMIA VAZQUEZ, R. y FROJAN FONTAN, J. F. (COORD), “*IºS Encontros Galicia – América*”.

GARRIDO MORENO, A. “*A imaxe arquitectónica dos indianos galegos*”, en Estudios migratorios , Nº 11-12 , (xuño-dec. 2001), pp. 319-335.

GONZÁLEZ LOPO, D. L. “*La emigración gallega a América durante los siglos XVII-XX*”, en SUAREZ ALBÁN, M. R. (organizadora), Língua e imigração galegas na América Latina,

Centro de Estudos da língua e cultura galegas, Actas do simpósio de língua e imigração galegas na América Latina, UFBA, Salvador, 1996.

GONZALEZ LOPO, D. L. “*Los movimientos interiores en tierras del interior de la provincia de Pontevedra entre 1801-1950: características y puntos de destino*” en CAGIAO VILA, P. (Editora), *Semanata, ciencias sociales y humanidades*, Nº11, Universidade de Santiago de Compostela, 2000.

GONZALEZ LOPO, D. L. “*Los frutos de la emigración: las fundaciones filatropicas de los indianos gallegos*” en Galicia e América, cinco siglos de historia, Consello da Cultura Galega.

GONZALEZ PROBADOS, M. “*O agrarismo galego*” en *A Nosa Terra*, nº 10, (1988), pp. 46-52.

HERVÉS SAYAR, E. “*Agrarismo y societarismo campesino en el Condado (1900-1936): cronología y organización*”, en *Sobrosum* revista de estudos, museo municipal, concello de Pontearreas, Nº1.

HERVÉS SAYAR, H. “*O nacemento do asociacionismo campesino na rexión baixomiñota, 1900-1905*” en FERNÁNDEZ PRIETO, L. (Ed.) *Terra e progreso historia agraria da Galicia contemporánea*, Xerais, Vigo, 2000.

NUÑEZ SEIXAS, X. M. *Emigrantes, caciques e indianos*, Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1998.

NUÑEZ SEIXAS, X. M. *¿Americanos revolucionarios ou indianos reformistas? Sobre os emigrantes e a política na Galicia da restauración (1900-1923)*, Separata do Anuario Brigantino 1994, nº17, Betanzos 1995.

NUÑEZ SEIXAS, X. M. y SOUTELO, R. *As cartas do destino*, Vigo, Editorial Galaxia, 2005.

PEÑA SAAVEDRA, V. “*Das fundacións docentes dos indianos as escolas de americanos: catro séculos de intervención escolar dos emigrantes galegos*”, en IRIMIA VAZQUEZ, R. y FROJAN FONTAN, J. F. (COORD), *IºS Encontros Galicia – América*.

PEÑA SAAVEDRA, V. “*Os centros educativos dos emigrantes, panorámica galega e concreción na costa da morte*” en

Educación e patrimonio, a herdanza dunha fundación, Xunta de Galicia A Coruña 1996.

PEÑA SAAVEDRA, V. Las escuelas de americanos y las sociedades de instrucción en Galicia, Tese de doutoramentos, Universidade de Santiago de Compostela, servicio de publicacións e intercambio científico, 1991.

PEÑA SAAVEDRA, V. “*Tres aspectos del proyecto escolar de los emigrantes gallegos: instalaciones, equipamiento y personal docente*” en Bordón, nº 253, maio-xunio 1984.

SANTA ROSA, H. Album do Pará em 1899 na administração do Governo da Sua Excia. o Senr. Dr. José Paes de Carvalho.

SARMIENTO DA SILVA, E. Galegos no Río de Janeiro (1850-1970), Tese doctoral da licenciada Érica Sarmiento da Silva, Santiago de Compostela 2006.

SOUTELO VAZQUEZ, R. “*Memoria oral e identidade étnica da inmigración española a latinoamérica no século XX: os galegos en Brasil, 1880-1970*” en Estudios Migratorios, Nº 6.

VILLARES PAZ, R. Historia da emigración galega a América, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 1996.

## **Prensa semanal**

El Tea

## **Fotografías**

Archivo privado de Nuria Gándara

Archivo privado de Raúl Barcia